



Concello de Lugo

## BANDO DA ALCALDÍA

Fago saber:

A consecuencia dunha demanda presentada por dezaioito veciños, o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Lugo ditou o 26 de setembro de 2012 diversas medidas cautelares para “paliar as molestias causadas pola celebración das festas do San Froilán” que se manteñen vixentes para estas do 2014.

En consecuencia, o volume das atraccións reducirase ás 22:00 horas e ata as 08:00 horas de cada día das festas para evitar molestias ós veciños residentes na zona, e na intensidade fixada pola Ordenanza Xeral Municipal Reguladora da Contaminación Acústica, coa excepción dos días 4, 5, e 11 de outubro, nos que o volume das atraccións feirais se reducirás ás 24:00 horas.

Así mesmo, cumpriranse rigorosamente as medidas de control establecidas na devandita resolución xudicial, e garantirase o acceso ás vivendas e ós garaxes da zona, así como a todos os edificios públicos situados no recinto feiral.

A maiores, o Concello de Lugo, esforzándose na procura da tranquilidade dos veciños do recinto feiral, adoptou por propia iniciativa entre outras as seguintes medidas concretas:

-Reforzar o servizo de limpeza para manter a zona feiral nas debidas condicións de salubridade e hixiene segundo o Programa de Limpeza elaborado pola Concellería de Medio Ambiente con data de 5 de setembro do 2014.

-Reforzar a frecuencia e densidade da monitoraxe de ruídos pola Policía Local e a súa dotación de sonómetros segundo a dispoñibilidade do mercado e as posibilidades de instalación de estacións de control.

-Instalar unha caseta da Policía Local no recinto feiral, situada no Parque de Rosalía de Castro, para atender calquera demanda cidadá.

-A Policía Local dispoñerá nas inmediacións do recinto dunha grúa para corrixir con dilixencia as ocupacións indebidas e garantir especialmente o respecto dos pasos de carruaxes.

O Concello de Lugo, a Comisión de Festas, a Concelleira Delegada de Cultura e o Alcalde son moi conscientes de que as festas do San Froilán causan algunha molestia a algúns cidadáns que viven no centro e nos arredores do parque de Rosalía de Castro, e que contando todo o ano co desfrute deste grande xardín e bosque urbano poden ver durante uns días un pouco minguados algúns aspectos dese pracer.

O Concello de Lugo fixo, fai e seguirá facendo todos os esforzos por minimizar esas molestias, pero ó mesmo tempo considera que as nosas grandes festas patronais deben seguir celebrándose nese espazo non só por razóns de tradición e cultura

popular, senón tamén porque a grande concorrencia de público resulta esencial para a boa marcha dos negocios, hostaleiros e doutro tipo, dos que depende en boa parte a vida da nosa cidade.

Non se debe esquecer que Lugo é esencialmente unha cidade turística e de servizos que debe seguir afondando no aproveitamento destes recursos porque así o require o interese xeral. A discusión sobre a conveniencia de trasladar os festexos a outros lugares é xa máis ca secular, pero todos os intentos que nese sentido se teñen feito conduciron a rotundos fracasos que de ningunha maneira nos podemos permitir o luxo de repetir, pois o seu custo para a vida económica da cidade resultaría sen dúbida moi alto.

Pregamos encarecidamente ás nosas amigas e amigos feirantes que cumpran escrupulosamente a parte dispositiva deste bando, de maneira que entre todos consigamos harmonizar os diversos intereses de todos os cidadáns, mantendo e mellorando así as festas do San Froilán de Lugo. Temos o privilexio de contar cunhas festas de carácter moi singular, quizabes as máis grandes, fermosas e entrañables de Galicia, que co seu esplendor engalanan dun xeito incomparable os nosos espléndidos outonos, e é a nosa obriga mantelas e melloralas ano tras ano por moitas razóns, entre elas porque son un patrimonio cultural e un sinal de identidade irrenunciabes. Pero tamén, dito sexa máis prosaicamente, porque con estas festas nos axudamos a vivir todos: os feirantes forasteiros que nelas intentan coroar a súa temporada, os comerciantes e industriais da cidade, e en definitiva todos nós, pois nunha medida ou noutra todos nos beneficiamos da prosperidade xeral.

Xosé López Orozco

Alcalde de Lugo